

ORDENANZA FISCAL NUMERO T20

Taxa polo servicio de Matadoiro.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20. 1 B) ambolos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación de servicios no Matadoiro Municipal, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

O feito imponible da taxa está constituído pola prestación dos servicios municipais de sacrificio, refixeración, limpeza e despece, elaboración de desperdicios, estabulación previa e polo acarreo de carnes establecidos no Matadoiro Municipal.

Artigo 3º. Suxeto pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as personas físicas o xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servicios a que se refire o artigo 2º desta Ordenanza.
2. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
 - a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
 - b) Subsidiariamente as persoas a que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencíons, bonificacións e beneficios tributarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario de ningunha clase, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.
2. Declarase a exención do pagamento da taxa en todos aqueles supostos de produción do feito imponible como consecuencia do sacrificio de reses que, por estar en condicións non aptas para o consumo humano, teñan que se destruir por orde dos servicios veterinarios.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria estará constituida polas tarifas seguintes:

- a) Tarifa Primeira.— Por sacrificio e faenado de calquera tipo de res: 0,2122 euros por quilogramo canal.

- b) Tarifa Segunda.— Por arrastre, distribución ou reparto de cualquera tipo de res: 0,05501 euros por quilogramo canal.

Artigo 6º. Dereito á percepción.

O dereito á percepción da taxa produciráse, nacendo a obriga de contribuir, dende que se presten os servicios ou se utilicen as instalacións do matadoiro.

Artigo 7º. Normas de xestión.

1. A taxa xestionarase en réxime de declaración-liquidación ou autoliquidación, que será aboada directamente ó concesionario do servicio, constituíndo para o mesmo un ingreso de carácter provisional, que se elevará a definitivo cando a liquidación practicada adquira tal carácter.
2. A autoliquidación aboada será conformada polo concesionario do servicio en razón ós servicios efectivamente prestados ó suxeito pasivo, adquirindo con elo o carácter de liquidación provisional.
3. Contra tal liquidación provisional cabe a presentación de reclamación ante a Alcaldía-Presidencia no prazo de quince días hábiles, transcurrido-los cales se entenderá automáticamente elevada a definitiva aquela.
4. A resolución pola Alcaldía-Presidencia da reclamación presentada conterá a liquidación definitiva da taxa contra a que caberá a interposición de recurso de reposición.
5. Constitúese como obriga tributaria formal para o concesionario a colaboración para o cumprimento das obrigas formais e materiais establecidas para o suxeito pasivo nesta Ordenanza, polo que o seu cumprimento poderá constituílo nas responsabilidades reguladas no artigo 3º.2 desta Ordenanza.

Artigo 8º. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Capítulo IV da Lei Xeral Tributaria e elo sen prexuízo das que conforme ó Regulamento do Servicio se poidan impoñer en orde distinta á tributaria.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comenzará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011